

Contos covicheiros: entre rimas e naufraxios

HENRIQUE
DACOSTA



Nunca acaba un de asombrarse da de tesouros que se poden agachar por tras das pequenas historias contadas, das rimas a que nos pode remitir a memoria dos máis vellos, ou como son capaces de nos falar, poñamos por caso, os restos arqueolóxicos de navíos sepultados baixo a area da praia. Como sorte de pequenas notas van formando parte dunha leve melodía, cuxa composición corre da man do tempo, e só por un simple acaso, e sen previo aviso, termina por aflorar nun momento calquera, inesperado, para recolorarnos perante unha realidade que antes pertencía ao espazo da nosa imaxinación.

A *historia marítima baixo as nosas augas*, do Diario Nós, falaba aí atrás acerca do Speed, un barco que naufragara en Covas, entre as praias do Medote e Sartaña, no 28 de decembro de 1814, de cuxos doce tripulantes tan só un lograra sobrevivir. (Con anterioridade, e a través da páxina www.sociedadecolumba.com xa era posíbel obter algunha información sobre isto) Con todo, son os seus antecedentes, se cadra, o máis extraordinarios de todo este suceso. Esta fragata británica fora capturada previamente, no 26 de novembro, por corsarios norteamericanos, máis en concreto pola goleta Lion, un veloz clipper que podía atinxir velocidades de até 12 nós.

O feito de o Speed vir dar até a altura do cabo Prioiro e afundir despois, é realmente digno de considerar. Capturado á altura de Fisterra, 7 homes do navío atacante fixéranse co seu goberno. Seguidamente, so as ordes dun deles, puxera rumbo á illa de Terceira, nos Azores. A delación dun motín a bordo provocou que os sublevados fosen encadeados e o inconveniente que supuxo pola diminución no número de tripulantes para unha correcta navegación. Un fortísimo temporal, ademais, viría torcer as ansias de seguir rumbo á costa leste norteamericana. Duros ventos do suroeste tronzaran parte do velame que, xunto coas correntes, deran de novo coa fragata fronte ás costas



galegas. Inutilmente, tentaran dobrar o cabo Prioiro, onde o vento, de modo repentino, virara con violencia para noroeste.

"Vento da Ventureira,/ fornada chea,/ fornada baleira", di o refrán popular, en referencia ao pequeno coído que existe por baixo do faro, famoso polos refachos de vento e auga, habituais en forma de chuvascos cando sopra de aí, tal como sucedía nese día aciago. O navío, absolutamente desnortado, fora enfilando así cara á punta do Crebadoiro. Azor Louis, ao seu mando, tentaba con desesperación achar a forma de poder embarrancalo nun areal. O forte vento do noroeste, no entanto, acabaría por levar contra as rochas próximas ao Medote e Sartaña. Providencialmente, só Azor Louis acabaría salvando a vida, entre tanto os restantes 11 membros da tripulación morrían afogados.

Este episodio que aquí relato pertence á segunda guerra que enfrontou o imperio británico, xunto coas súas colonias do Canadá, contra a novísima nación dos Estados Unidos. As fortes restricións comerciais que a antiga metrópole lle impuxera aos estadounidenses, estes á súa vez en guerra con Francia, alén da outra que libraban (en alianza con Suecia e o reino de Sicilia) contra os territorios norteafricanos da Berbería, deran asemade coa expulsión do Mediterráneo de naves norteamericanas por parte dos británicos. Neste contexto, a fragata Speed, que cargara limóns e

laranxas e algúns bocois de xofre no porto de Palermo, ia navegando rumbo a Londres cando á altura do cabo Fisterra fora interceptada e capturada pola goleta corsaria norteamericana Lion, propiedade de Thomas Louis, armador do porto de Baltimore. O que xa logo sucedeu, todos o coñecemos.

"Haiche mozos, haiche mozos,/ haiche mozos na ribeira,/ hainos de polaina enteira./ El desgraciadito Highland/ donde vino a padecer,/ al canal de Santa Comba,/ nadie le pudo valer./ Al capitán del barco,/ ya le pueden llamar burro,/ para echar un barco a pique/ no necesita estudio". Velaquí unha nova cantarela a propósito doutro naufraxio, aínda que este bastamente máis recente que o anterior. Estamos a falar de outubro de 1915, cando o buque mercante británico Highland Warrior, perseguido por submarinos alemáns, acabou por embarrancar por detrás da illa de Santa Comba, na canle á que fai alusión a cantiga. Tratábase dun cargueiro de 126 m de eslora que se dedicaba ao transporte de mercadorías e pasaxeiros entre Europa e América do Sur, sobre todo Arxentina, pertencente á compañía Nelson Line.

O axexo a que eran sometidos os barcos que transitaban polo Atlántico por parte dos U-Boots alemáns obrigáboos a ter que navegar demasiado pegados a terra. Os 29 pasaxeiros que transportaba o Highland Warrior non puideron chegar a destino, nin os restantes que debía recoller no porto

da Coruña. Todas as tentativas por reflotalo foran infrutuosas, afundindo de xeito definitivo cerca dun ano despois. Teñen a súa graza as rimas populares que falan acerca das polainas dos mozos, se callar en alusión a como os do lugar as debían de mollar unha e outra vez tentando apañar todo canto puideren de dentro das adegas do barco sinistrado antes que afundise totalmente. Que entre os achados do barco, se cadra o máis curioso de todos sexa o da campá de babor. Non sabemos por que estraña razón, mais hai quen diga (e mentira non é) que é a mesma que agora voltea da espadana da igrexa de Santiago en Pantín.

"Encetara o seu labor polos Crebadoiros. Pasara xa polo Pitillón e concluíra na praia da Fonte, ao carón da illa da ermida de Santa Comba. As mareas vivas deses días traballaran arreo. Víanse, como algúns anos por estas datas, as cadernas daquela vella traíneira que asomaban de debaixo da area, e que figuraban os restos óseos do esqueleto dunha balea. Un par de troncos de teca, un bon garráfono de vidro recuberto de rede, varias boias, unha caixa de madeira con varias latas de petróleo. Todo canto sobordara, aquilo que rescatara para arriba do que era a liña da marea, tiña dono, era seu xa". Asociado a este actividade, tanto a literatura –fragmento dun relato meu en "Á deriva"– como o cinema –o filme Jamaica Inn, de Alfred Hitchcock, conta a historia dunha banda de piratas de terra en Cornualles que, após os seus latrocinios, reparten o botín na pousada do mesmo nome– teñen tocado o asunto dos "wreckers", á galega, foneticamente, "raqueiros". Canto hai de verdade, canto de mentira nisto que se conta? Sabemos de xeito limitado algunhas cousas que, en moitos dos casos, conviría verificar. Disque en noites de temporal habería persoas que colocaban farois nos cornos das vacas, ceibándoos para así se moveren libremente, de modo que os mariñeiros xulgases estar preto dalgunha poboación ou doutra nave. Os navíos perdían logo a referencia, conseguindo que embarrancasen ou chocasen contra os rochedos, vítimas agora do saqueo.

E o caso é que entre rimas e naufraxios, un algo de verdade e un pouco de imaxinación, a historia e o acervo popular foron capaces de ir construindo, e ao unísono, un relato que, abofé, é xa de noso.